

NOTA INFORMATIVA AXENDA

Xoves 29

11.45 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego e de Antonio Ponte, coordinador de Cadena 100, para presentar o concerto da irlandesa Tara Blaise. Será o vindeiro luns ás **22.00 h.** no Teatro Principal.

12.00 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego e de Óscar Cobos, director da compañía Galicia Século 21 para presentar a estrea de *Isolma*, o primeiro espectáculo da compañía, que mestura música e baile de raíz. Na rolda tamén estará Simón Díaz, un dos bailaríns que participan no espectáculo, que será o venres, ás 21.00 horas, no Auditorio de Galicia.

12.30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Promoción Económica, Xosé Manuel Iglesias, para presentar o programa de actividades de dinamización comercial do segundo semestre de 2006.

13.15 h.

Na Casa do Concello, o alcalde de Santiago de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibe ao equipo de fútbol feminino Funeraria Apóstol.

18.30 h.

Pleno ordinario

Na Casa do Concello sesión ordinaria do Pleno da Corporación coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.
2. Modificación do Regulamento de saneamento.
3. Proposta da concelleira de Benestar Social relativa á adhesión do Concello de Santiago ao Manifesto sobre os obxectivos de desenvolvemento do Milenio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
4. Modificación da base de execución orzamentaria 42.
5. Expediente núm 2006-SUPLE-12 de suplemento de crédito.
6. Expediente núm 2006-CREXT-13 de crédito extraordinario.
7. Expediente núm 2006-SUPLE-14 de suplemento de crédito.
8. Expediente de transferencia de crédito 2006-TRANS-10.
9. Modificación das ordenanzas de ingresos públicos núms. 4.30 e 3.19.
10. Dar conta de designación de representantes do grupo municipal do Partido Popular en comisións e consellos municipais.
11. Dar conta de resolución da alcaldía.
12. Dar conta de resolucións da alcaldía e da xunta de goberno local.
13. Toma en consideración das mocións presentadas polos grupos municipais.
14. Rogos e preguntas.

20.00 h.

Na Fundación Granell, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste á inauguración da exposición "Pensar en pedra".

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2006